

**REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

**Artigo 1**

Consonte co disposto nos artigos 78 e ss. do RDL 2/2004, a cota tributaria do IAE será a resultante de aplicar as tarifas dos impostos aprobadas por RDL 1175/90 de 28 de setembro, o coeficiente e o índice que se establecen nos artigos seguintes.

**Índice**

**Artigo 2:** Sen contido.

**Artigo 3**

Os índices que se deben de aplicar sobre as cotas incrementadas polo coeficiente legalmente previsto serán os seguintes:

Zona	Área que comprende	Índice aplicable
1	Ámbito formados polas rúas: Parque Arsenal, Irmandiños, Praza Galicia, Taxonera, Mac Mahón, Circunvalación, estrada de Caranza e a ribeira da ría de Ferrol	3,5
2	Ferrol Centro (Magdalena), Ensanche A (Praza de España), Ensanche B (Praza de Ultramar), O Boial, Portos, Polígono da Gandara	3
3	Ensanche A (agás zona Praza de España), Ensanche B (agás zona Praza de Ultramar), Esteiro, Canido e ámbito comprendido entre a delimitación do barrio da Magdalena e o barrio de Canido	2,5
4	Comprenderá o resto do Concello	2

**Artigo 4**

Polo que se refire á regulación tanto do resto dos elementos tributarios do imposto de actividades económicas coma do período impositivo, retribución e xestión, atenderase ó establecido polos artigo 78 e ss. do RDL 2/2004, así como ó que dispoñen os preceptos normativos de calquera rango que regulen e desenvolvan os preceptos anteriormente sinalados.

**Artigo 5. Beneficios fiscais postestativos.**

**1.- Atendendo ao artigo 88.2.a do RDL 2/2004**, quen inicie no término municipal de Ferrol o exercicio de calquera actividade empresarial das recollidas na sección primeira das tarifas do imposto, gozará durante os 5 primeiros anos dunha bonificación por importe do 50% da cota correspondente. O prazo de 5 anos referido será computado nos termos establecidos no dito artigo 88.2.a do RDL 2/2004.

Para poder gozar desta bonificación, requirirase que a actividade económica non se exercese anteriormente baixo outra titularidade dentro do termo municipal.

Entenderase que a actividade económica se exerceu anteriormente nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

Asemade, o suxeito pasivo non poderá figurar incluído na matrícula do imposto por outra actividade ou actividades que realice ou tivese realizado dentro do término municipal, e que estean ou teñan estado clasificadas na mesma agrupación do imposto que a actividade para a que se solicita a bonificación.

O outorgamento deste beneficio fiscal esixe a previa solicitude do interesado, debendo ser solicitado dentro dos 2 meses seguintes á solicitude de alta no imposto.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

## Negociado de Xestión Tributaria

- a) Copia de alta no imposto.
- b) Declaración responsable do solicitante de que non exerceu a actividade económica anteriormente baixo outra titularidade.
- c) Escritura de constitución.

En ningún caso se poderá aplicar este beneficio fiscal a entidades ou actividades que disfruten doutro beneficio de carácter suxeitivo que afecte a este imposto.

Entenderase por beneficio de carácter suxeitivo aquel que se asigne atendendo ás condicións ou características da entidade ou persoa que goza del.

**2.- Atendendo ao artigo 88.2.b do RDL 2/2004**, recoñécese unha bonificación por creación de emprego suxeita aos seguintes requisitos:

a) Poderán acceder a esta bonificación os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementaran a súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

b) A acreditación do incremento de plantilla realizarase mediante achega dos contratos indefinidos subscritos, e copias dos TC que evidencien o dito incremento.

Logo de recoñecer a bonificación, que requirira a solicitude do interesado, terá unha duración máxima de 5 anos, sendo a porcentaxe aplicable para o primeiro ano, o 50% da cota, se o incremento da contratación indefinida é superior ao 10% da súa plantilla, e un 25% se o incremento é inferior ao 10% da plantilla sempre que a contratación indefinida acade un mínimo de 2 traballadores/as pertencentes aos seguintes colectivos:

- Mulleres maiores de 50 anos con dificultades de empregabilidade.
- Parados cunha antigüidade mínima de un/dous anos en situación de desemprego rexistrado nas oficinas públicas de Emprego de Galicia.
- Maiores de 50 anos con baixa cualificación.
- Mozos/as menores de 25 anos.
- Persoas con discapacidade igual ou maior de 33%

En todo caso, a cota máxima bonificable será de forma xenérica de 1.000€ por posto de traballo indefinido creado, agás as seguintes especificacións:

- 1.200 € no caso de que a persoa contratada sexa unha muller.
- A mesma contía será aplicable no caso de que a persoa contratada teña alguna discapacidade cunha eiva igual ou superior a un 65%.
- 1.400 € no caso de que a persoa contratada sexa unha muller vítima de violencia de xénero.

Para os anos seguintes, ata completar o máximo de 5, a bonificación será do 5% da cota. A aplicación da bonificación correspondente aos exercicios segundo e posteriores requirirá que o interesado acredite o mantemento da plantilla que deu lugar á bonificación mediante a presentación da vida laboral do código de conta de cotización da empresa que lle corresponde ás persoas contratadas que determinaron a bonificación.

c) A bonificación aplicaráselle á cota tributaria, e no suposto de que ao suxeito pasivo lle resulte aplicable outras bonificacións, esta bonificación aplicarase na cota resultante de aplicar á cota as bonificacións xa recoñecidas.

d) Esta bonificación deberá solicitarse dentro do primeiro trimestre de cada exercicio.

**3.- Nos termos do artigo 88.2 c do RDL 2/2004**, recoñécese unha bonificación medioambiental, nos seguintes termos:

a) Poderán solicitar esta bonificación os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e reúna algunha das seguintes condicións:

- Que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeración. Terán este carácter as contempladas e definidas como tales no Plan de fomento das enerxías renovables. Pola súa parte consideraranse sistemas de coxeración



## Negociado de Xestión Tributaria

os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

- Que establezcan un plan de transporte para os seus traballadores/as que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao lugar do posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte máis eficientes, coma o transporte colectivo ou compartido.

b) Na solicitude de bonificación deberá incorporarse a documentación técnica que acredita que se cumpre o requisito esixido para cada caso, procedendo esta Administración á revisión e informe sobre a concurrencia do suposto alegado.

c) A bonificación terá unha duración máxima de 5 anos, requirindo -unha vez transcorrido o primeiro ano- a achega da documentación que acredite a concurrencia do suposto bonificado, sendo revisado -novamente- polos servizos municipais.

d) Esta bonificación ascenderá ao 5% da cota tributaria, e no suposto de que ao suxeito pasivo lle resulte aplicable outras bonificacións, esta bonificación aplicarase na cota resultante de aplicar á cota as bonificacións xa recoñecidas.

e) En todo caso, a bonificación deberá presentarse no primeiro trimestre de cada exercicio.

**4.- Nos termos do artigo 88.2 e do RDL 2/2004**, establécese unha bonificación na cota correspondente daqueles suxeitos pasivos que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou do fomento de emprego que xustifique tal declaración.

A concesión desta bonificación será a instancia de parte, debendo acompañar á solicitude a memoria xustificativa da declaración de especial interese ou utilidade municipal da actividade económica sobre a que verse a solicitude.

Corresponderalle ao Pleno da corporación a declaración de actividade económica de especial interese ou utilidade pública, así como a determinación da porcentaxe obxecto de bonificación, que non poderá superar o 95% da cota íntegra.

**a)** En todo caso, considéranse actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se implante unha nova actividade económica ou empresarial, así como aquelas outras nas que se produza unha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe da cota que se bonificará será a resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren o apartado 1 do RDL 2/2014 (bonificacións obrigatorias) e os párrafos anteriores, puntos 1.2.e 3. deste artigo, e variará do xeito seguinte, de acordo cos postos de traballo permanentes que se creen:

- ata 10 postos de traballo ..... 50% da cota
- entre 11 e 20 postos de traballo ..... 75% da cota
- máis de 20 postos de traballo ..... 95% da cota

Para o outorgamento desta bonificación, que terá carácter provisional, e sen perxuízo dos títulos habilitantes esixidos legalmente, será necesario achegar, xunto coa solicitude, unha declaración responsable sobre o número de persoas de nova ocupación que van traballar na nova actividade. Nos casos nos que se trate dunha ampliación de instalacións con xeración de emprego sobre unha actividade que xa viña funcionando, achegarase copia das tres últimas RNT así como dos RLC formalizados bancariamente, co fin de cotexalos coas RNT posteriores á ampliación realizada.

No prazo de dous meses despois do inicio da actividade, previo o título habilitante oportuno, deberase entregar copia do xustificante da alta no imposto de actividades económicas, copias dos contratos suscritos para cubrir os postos de traballo de nova creación visados polo SEPE -acompañados da acreditación dos períodos de inscrición como demandante de emprego na Oficina Pública de Emprego- e copias dos correspondentes TA.2 presentados ante a Seguridade Social.



## **Negociado de Xestión Tributaria**

No prazo de dous meses despois da ampliación de instalacións realizada, previo o título habilitante oportuno, deberase entregar xustificantes de ter realizado dita ampliación, copias dos contratos suscritos para cubrir os postos de traballo de nova creación visados polo SEPE -acompañados da acreditación dos períodos de inscrición como demandante de emprego na Oficina Pública de Emprego- e copias dos correspondentes TA.2 presentados ante a Seguridade Social.

En todo caso, o outorgamento do beneficio fiscal terá efectos para o exercizo seguinte a aquel no que se concedeu e terá unha duración de cinco anos.

No mes de xaneiro de cada exercizo posterior á concesión do beneficio, o solicitante deberá acreditar o mantemento dos novos postos de traballo xerados coa presentación da vida laboral do código de conta de cotización da empresa que lle corresponde ás persoas contratadas que determinaron a bonificación. Noutro caso, procederase a regularizar a situación tributaria do obrigado.

### **DELIMITACIÓN DO BARRIO DA MAGDALENA, PARA EFECTOS DO IAE**

Entenderase o denominado barrio da Madalena para efectos do IAE, como aquel integrado por rúa Arce entre rúa Sol e rúa Igrexa, rúa Méndez Núñez entre rúa Sol e rúa Igrexa, rúa Sánchez Barcaiztegui entre rúa Sol e rúa Igrexa, rúa Coruña entre rúa Sol e Estrada de Circunvalación, rúa Terra entre rúa Sol e rúa Igrexa, rúa Rubalcava entre rúa Sol e rúa Igrexa, rúa Carme entre rúa Sol e Cantón de Molíns, rúa Lugo entre rúa Sol e Praza do Callao, rúa Sol entre rúa Arce e Avda. do Rei, rúa María entre rúa Arce e Avda. do Rei, rúa Dolores, rúa Galiano, rúa Real entre rúa Arce e Praza de España, rúa Magdalena entre rúa Arce e rúa Rochel, rúa Igrexa entre rúa Arce e Praza Callao, Praza Callao, Estrada de Circunvalación entre prolongación de rúa Arce e Cantón de Molíns, rúa Manuel de Cal, rúa Rochel, Avenida do Rei entre rúa Sol e Praza de España, Praza de Amboaxe, Praza de Armas, Cantón de Molíns, Praza de Galicia e Praza de Constitución.

### **DISPOSICION ADICIONAL**

Para a aplicación no exercizo 2014 da bonificación regulada no artigo 5.2, as solicitudes poderanse presentar durante o primeiro bimestre do ano. Para o resto dos exercicios ditas solicitudes poderanse presentar ao longo do ano, se ben os seus efectos serán aplicables para o exercizo seguinte de dita solicitude.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2021 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.